

EXPEDIENTE: 2025/E001/000003 (relacionado co expediente 2025/A008/000023)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÑONS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES

Visto o expediente que se tramita para a selección por oposición de 1 enxeñeiro/a de montes, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 237/2025 de 02/06/2025, ao abeiro da subvención regulada pola Orde do 5 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025).

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as, relativa á oferta núm. 12-2025-5450 (enxeñeiros/as de montes), e presentada por estes/as a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 25/06/2025 procedeuse a revisar as solicitudes de participación.

Comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de enxeñeiro/a de montes, do xeito seguinte:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME
725	DE LA PEÑA LASTRA SAÚL
265	DÍAZ SALAZAR AVELINO
164	PORTO PADERNE CAROLINA

Segundo.- Designar ao tribunal cualificador para o proceso selectivo de peón/peoa forestal, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro
Suplente: José Ángel Sorribas Bustelo, funcionario do Concello de Rois

Vogais:

Titular: Rosario Ríos Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois
Suplente: Ignacio Soto González, funcionario do Concello de Teo

Titular: Inmaculada Seage Freire, persoal laboral fixo do Concello de Rois
Suplente: Begoña Collazo Ortega, funcionaria do Concello de Rois

Titular: María Cristina Varela García, funcionaria do Concello de Xermade
Suplente: Francisco Javier Ulloa Arias, funcionario do Concello de Santiago

Secretaría:

Titular: Sandra María García Chenlo, funcionaria do Concello de Dodro
Suplente: Ana María Ares Álvarez, funcionaria do Concello de Padrón

Terceiro.- Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección de 1 enxeñeiro/a de montes para a súa constitución o día 01/07/2025, ás 08:30 horas, na Casa do Concello de Dodro.

Cuarto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para a selección de 1 enxeñeiro/a de montes, ás 09:00 horas do día 01/07/2025, na Casa do Concello de Dodro.

Quinto.- Declarar exentos da realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba de coñecemento de lingua galega, aos aspirantes que teñen acreditado estar en posesión do Celga 4.

Sexto.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Sétimo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe